



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Aprobación das bases do programa F0204/2026

ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro, para a realización de investimentos culturais, durante o ano 2026, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA REALIZAR INVESTIMENTOS CULTURAIS DURANTE O ANO 2026 (F0204/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación e Cultura
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2026
Beneficiarios	Entidades sen fins de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña
Programa	F0204/2026
Aplicación orzamentaria	0612/3339/781
Importe da convocatoria	525.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 3.000 € Máximo en función da modalidade: A. Entidades culturais: 15.000 € B. Entidades veciñais e de tempo libre: 10.000 € C. Asociacións de carácter pedagóxico: 10.000 € D. Entidades sociais e asistenciais: 10.000 € E. Entidades representativas dos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega: 15.000 € F. Fundacións e entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas: 15.000 €
Importe solicitado	Do 20 % ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Variable entre 20% e 80%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

- Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 7: "Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial", e ao seu obxectivo operativo 0.36 (ampliar a oferta cultural provincial e garantir o acceso á cultura a toda a poboación), mediante o apoio a investimentos realizados por entidades sen ánimo de lucro.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

Serán obxecto deste programa de subvencións unicamente aqueles investimentos necesarios para o desenvolvemento de proxectos e actividades culturais na provincia da Coruña por parte de entidades sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña.

2.1.1 Tipos de investimentos a subvencionar:

- Obras: Realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles propiedade da entidade solicitante ou sobre os que teña a cesión de uso por un mínimo de 10 anos desde a data de presentación da solicitude (excluídos alugueiros).
- Equipamentos
 - Mobiliario
 - Equipamentos informáticos.
 - Material técnico e artístico vinculado ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade (vestiario, instrumentos, atrís, partituras).

2.1.2 Tipo de actividade subvencionable

Para os efectos desta convocatoria enténdese por actividade subvencionable todas aquelas actividades das diferentes dimensións da cultura (creación, investigación, formación, difusión, programación, etc) e todos aqueles formatos (edición de contidos físicos e dixitais, actividades e eventos ao vivo, etc) e ámbitos (patrimonio, historia e memoria local e veciñal, música, artes escénicas e do movemento, audiovisual, literatura, artes visuais, etc), agás as seguintes actividades excluídas:

- Eventos de carácter económico vinculados á recreación histórica (feiras históricas, mercados medievais e similares) ou á celebración gastronómica (festas, xornadas de degustación de produtos e similares).
- Actividades de carácter non estritamente cultural, como viaxes de ocio (excursións, viaxes turísticos e similares) ou festas e celebracións de carácter veciñal (festas parroquiais, veciñais, gastronómicas, patronais...).
- Actividades formativas non vinculadas directamente a contidos artísticos (mecanografía, informática, manualidades, labor de retallos, cociña...).
- Actividades deportivas, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- Actuacións artísticas adxudicadas dentro da Rede Cultural.

2.1.3 Modalidades

O programa distingue seis modalidades de entidades sen fins de lucro. As entidades solicitantes deberán indicar na súa petición a modalidade da que forman parte. A Sección de Cultura da Deputación procederá, caso de detectar escollos erróneas por parte das entidades, á súa corrección e adscrición á modalidade axeitada.

Modalidade A. Entidades culturais.

Deberán ter a súa natureza cultural recollida nos estatutos, e diferenciamos dous tipos, en función do territorio en que desenvolven a súa actividade:

- A1. Entidades que desenvolven a súa actividade ordinaria na provincia da Coruña.
- A2. Entidades que desenvolven a súa actividade ordinaria tanto dentro como fóra da provincia da Coruña.

Modalidade B. Entidades veciñais e de tempo libre.

Asociacións de veciños e veciñas, xuvenís, de amas de casa, da terceira idade, de mulleres rurais, etc., e tamén asociacións do ámbito do tempo libre.

Modalidade C. Asociacións de carácter pedagóxico.

Esta modalidade procura contribuír ao desenvolvemento de actividades culturais promovidas por asociacións de carácter pedagóxico.

Modalidade D. Entidades sociais e asistenciais.

Inclúense neste apartado as asociacións e entidades que traballan no campo dos dereitos civís, a igualdade, a defensa do medio ambiente, a memoria histórica e democrática, os valores cívicos, o desenvolvemento do territorio, os servizos sociais e outros.

Modalidade E. Entidades representativas dos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega.

Esta modalidade inclúe a todas as asociacións representativas dos diferentes campos sectoriais da cultura galega, tanto profesionais como amadores, e busca apoiar o desenvolvemento das súas actividades e proxectos, tanto para favorecer a articulación interna e a representación dos sectores como a posta en valor do seu papel e contribución á sociedade e á cultura galega.

Modalidade F. Fundacións e entidades privadas sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas.

Esta modalidade inclúe:

- Fundacións públicas e privadas, que non teñan a consideración de medios propios e instrumentais da administración autonómica ou estatal, depositarias de bens patrimoniais de interese cultural e/ou centradas maioritariamente no coñecemento, a divulgación e a análise da historia, a arte, a cultura e o pensamento social e político.
- Entidades privadas sen fins de lucro que sexan titulares de Museos ou Centros de Interpretación inscritos na Rede de Museos de Galicia ou de bibliotecas inscritas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Dirixida a apoiar os proxectos culturais das fundacións e das asociacións que son titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, para contribuír ao seu traballo de investigación, divulgación, documentación, conservación e posta en valor das súas coleccións e patrimonio e á organización e desenvolvemento das súas actividades cara o público.

2.2 Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse xustificantes que sexan expedidos antes do 16 de xaneiro de 2027.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar unha prórroga para a realización do investimento despois dunha petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2026 ás 14:00 h.**

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse os realizados con posterioridade ao **31 de decembro de 2026, con data límite do 15 de abril de 2027.**

2.3 Finalidade

A área de Cultura da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector cultural en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego e mantemento de estruturas profesionais e creativas.

Uso da lingua galega

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a Lei de normalización lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen

dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da administración local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de usos da lingua galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña, consciente desta realidade e convocante desta liña de subvencións, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe non o é: vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica. Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoiem claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por deixación de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa as seguintes entidades **con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial da provincia da Coruña** e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude:

- Modalidade A. Entidades culturais.
 - A1. Entidades que desenvolven a súa actividade ordinaria na provincia da Coruña.
 - A2. Entidades que desenvolven a súa actividade ordinaria tanto dentro como fóra da provincia da Coruña.
- Modalidade B. Entidades veciñais e de tempo libre.
- Modalidade C. Asociacións de carácter pedagóxico.
- Modalidade D. Entidades sociais e asistenciais.
- Modalidade E. Entidades representativas dos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega.
- Modalidade F. Fundacións e entidades privadas sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas.

Entidades excluídas:

- Corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego ou formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, que contan cunha liña específica para o apoio ás súas actividades: a convocatoria FO214.
- Colexios Profesionais.
- ANPAS.
- Fundacións que teñan a consideración de medios propios e instrumentais da administración autonómica ou estatal

Base 4. Gastos subvencionables

Gastos subvencionables no programa F0204:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
211	Construcións
216	Mobiliario
217	Equipos para proceso de información
219	Outro inmovilizado material (materiais de uso técnico e artístico)

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

Dentro do concepto contable (211) Construcións

- A realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles unicamente será subvencionable cando o inmovble sexa propiedade da entidade solicitante ou teña a cesión de uso por un mínimo de 10 anos desde a data de presentación da solicitude (**excluídos alugueiros**).

4.1 Gastos excluídos

- Adquisición ou construción de novos locais.
- Creación da páxina web ou redes sociais da entidade.
- Adquisición de vehículos.
- Non se subvencionarán os gastos relacionados con material, publicidade e propaganda de concentracións e mobilizacións sociais ou políticas.

Tampouco se financiarán aqueles gastos relacionados con fundacións e asociacións vinculadas a partidos políticos, agás os que estean dirixidos ao funcionamento das mesmas e a actividades de estudo de desenvolvemento do pensamento político, social e cultural.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da área de Cultura, excepto cos seguintes programas:

- F0203: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para realizar actividades culturais.
- F0215: Programa de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais.
- F0223: Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña.

5.2 Exclusións

- Equipamentos destinados a cafeterías, bufetes ou similares do local social.
- Investimentos deportivos, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- Investimentos no patrimonio arquitectónico.
- Obras en centros educativos ou en locais propiedade da Igrexa ou asociacións de culto relixioso
- Fases de obras non susceptibles de utilización independente

Base 6. Forma e prazo da solicitude

6.1 Forma

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis

dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Período mínimo de adscripción do ben aos fins previstos

As entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os bens aos fins concretos para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles/construcións, ou de dous anos, no caso doutros bens.

7.2 Licenzas e autorizacións preceptivas

As entidades deberán contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio natural.

7.3 Difusión do apoio da Deputación

As entidades beneficiarias incluírán, en lugar visible o [logotipo da Deputación](#) na súa páxina web.

Ademais, deberán realizar a difusión do apoio da Deputación, alomenos cunha das seguintes opcións:

- Inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades realizadas co equipamento subvencionado.
- Nas obras en locais, colocarse un soporte co logotipo da Deputación, facendo constar o texto: “Investimento realizado coa subvención recibida da Deputación provincial da Coruña”
- Se é posible, nos propios equipamentos subvencionados, incluíndo o logotipo da Deputación

As obrigas de difusión nos soportes de difusión das actividades realizadas cos equipamentos subvencionados, entenderanse desde a data de concesión ata o pago da subvención.

As obrigas de difusión nas subvencións a obras entenderanse por un mínimo de cinco anos e nas subvencións de equipamentos por un mínimo de dous anos.

7.4. Lingua galega

As entidades beneficiarias deberán ter sempre a súa **páxina web oficial en lingua galega** e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobada por resolución da presidencia.

A cantidade que se concederá dependerá da suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

8.2 Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes nomearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito cultural obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningunha das en-

tidades solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A entidade deberá completar todos os apartados da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

No caso de contradición entre a memoria e os datos completados na solicitude prevalecerán os datos contidos na memoria.

8.2.a VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 25 puntos

- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude, ata 10 puntos.
 - Entre 60% e 70%, 2 puntos
 - Entre 50% e 59,99%, 4 puntos
 - Entre 40% e 49,99%, 6 puntos
 - Entre 30% e 39,99%, 8 puntos
 - Entre 20% e 29,99%, 10 puntos.
- Recursos e estrutura da entidade, ata 5 puntos
 - A entidade ten persoal propio contratado, máximo de 2 puntos. 1 punto por persoa contratada
 - A entidade conta cun local social en alugueiro, propiedade ou cesión de uso por un mínimo de 10 anos desde a data de presentación da solicitude acreditada documentalmente, 2 puntos. Non se valorarán as cesións en precario de uso do local social
 - A entidade puxo o seu local a disposición doutras entidades sen ánimo de lucro, de forma gratuíta, un mínimo de 20 días durante o ano anterior á convocatoria, 1 punto.
- Soportes de difusión, ata 10 puntos
 - A entidade conta con perfís propios en redes sociais, actualizados e en lingua galega. Un punto por rede social, ata un máximo de 5 puntos
 - A entidade conta con páxina web propia, actualizada e en lingua galega, 2 puntos
 - A entidade usa, para a súa páxina web, o dominio (.gal) como dominio principal, 1 punto
 - A entidade realiza algunha publicación periódica, accesible para calquera persoa interesada nela (só se puntuarán revistas, libros, anuarios, investigacións... e non se terán en conta elementos divulgativos puntuais, como cartaces, follas voandeiras ou folletos), 2 puntos

8.2.b VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA, ata 75 puntos, a través de informe da Comisión de Valoración Técnica, en que se teñen en conta os seguintes aspectos:

- Traxectoria da entidade solicitante, ata 25 puntos

Valorarase a relevancia da traxectoria e das liñas de traballo da entidade, a partir da información que esta ofrezca sobre o ano de fundación, os anos de funcionamento, o número de persoas asociadas, as liñas de actividade que tivo no pasado e ten na actualidade, os principais proxectos que levou a cabo e todos aqueles aspectos que axuden a ponderar a importancia do traballo sociocultural da entidade para o seu entorno.

- Interese do investimento para o que se solicita subvención en relación co proxecto a desenvolver pola entidade, ata 50 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos, a desenvolver pola entidade solicitante na memoria:

- Descrición detallada do investimento que se vai realizar

A entidade desenvolverá unha descrición, o máis precisa posible do investimento que pretende realizar, co seu correspondente calendario de realización ao longo do ano 2026. Débese indicar que investimento se quere facer, que natureza ten, o número de unidades (de ser o caso), etc... Deberá indicar o prazo de execución e o lugar onde se vai a almacenar o material mercado no momento de realizar a recepción do mesmo.

- Contribución do investimento para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade

A entidade explicará cal é o proxecto cultural que vai a realizar e a necesidade do investimento para o que está a solicitar a subvención. Este proxecto cultural debe ser subvencionable de acordo coa Base 2.

- Interese do investimento para o aproveitamento sociocultural no territorio.

A entidade realizará unha xustificación argumentativa do interese do investimento e da súa repercusión na comunidade usuaria (número de entidades diferentes ás que beneficia, impacto na veciñanza, etc.), indicando o nome das entidades e iniciativas en que isto acontece

8.3 Causas de exclusión

Quedarán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 40 puntos no conxunto da valoración, dos que 20 deberán corresponder aos apartados valorados pola comisión técnica.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión directa de solicitudes, de forma argumentada e por unanimidade, caso de identificar unha inadecuación da solicitude presentada á finalidade e obxecto desta convocatoria. Do mesmo xeito, poderá facelo se identifica contidos de carácter discriminatorio ou vexatorio contra persoas ou colectivos.

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas**.

Para as subvencións que teñan concedida unha **prórroga**, o prazo de xustificación rematará o día **14 de maio de 2027, ás 14:00 horas**.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento, no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo proveedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso de equipamentos ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles/construcións ou de dous anos no caso doutros bens.
- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio ambiente.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e, no seu caso, número de persoas asociadas.
- Memoria da solicitude.
- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- No caso de declarar que a entidade é propietaria, ten en alugueiro ou ten cedido o local social, deberá achegarse acreditación da propiedade, do contrato de alugueiro ou do acordo de cesión, cunha duración mínima de 10 anos desde a data de presentación da solicitude
- No caso de declarar que ten persoal propio contratado, última nómina mensual de cada persoa traballadora.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación adicional no caso de obras:

- Acreditación da propiedade ou da cesión de uso por un mínimo de 10 anos desde a data de presentación da solicitude.
- Memoria valorada ou factura proforma co resumo do orzamento de execución por capítulos, aínda que unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para xustificar, a achega do proxecto técnico.
- No caso de solicitar a subvención para unha fase da obra, un informe técnico onde se defina a fase, garantindo que finalizada a fase é susceptible de utilización independente.
- No caso de que a entidade solicitante non sexa a propietaria do inmovible, autorización expresa da persoa titular para a realización das obras ou actuacións previstas acompañada da súa conformidade respecto das obrigas derivadas da subvención, en particular as relativas ao destino do ben durante o período de adscrición establecido..

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación**Declaracións:**

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consente en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%)

Documentación:

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa.
- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTEL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

En cada gasto rexistrado deberá anexarse a factura ou documento xustificativo correspondente ao dito gasto.

- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu difusión á subvención concedida e do uso da lingua galega.

- No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso de equipamentos, ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras: copia dos tres orzamentos solicitados e a motivación da contratación da empresa seleccionada, no caso de que non sexa a máis económica.
- Autorizacións ou licenzas preceptivas, cando as normas específicas o requiran.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

Documentación adicional no caso de equipamentos:

- Certificación da recepción do equipamento, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no libro do inventario da entidade.
- Fotografía do equipamento

Documentación adicional no caso de obras:

- Acta de recepción da obra, identificando as obras realizadas.
- Fotografía da obra, a ser posible con imaxes do estado no que se atopaba e imaxes do estado actual.
- Proxecto técnico ou memoria valorada, cando as normas específicas o requiran.
- Certificacións de obra subscrita por técnico Colexiado competente, no suposto de obra maior.

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

A Coruña, 6 de novembro de 2025

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Secretario xeral

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ

2025/7321